

Kant. A concepción mundana da Filosofía.

O filósofo alemán establece unha **distinción entre dúas maneiras de entender a filosofía**: unha restrinxida ao ámbito académico e propia dos profesores e estudantes desta materia, e outra de carácter máis amplo, aberta a todos aqueles que teñen interese polas cuestións fundamentais que atinxen ao ser humano. Polo tanto, considera Kant que existen dous conceptos de filosofía, **o concepto de escola**, propio dos profesionais e estudiosos da filosofía, e **o concepto cósmico** (*conceptus cosmicus*), que transcende o marco estritamente académico e que sería propio de todo aquel que ten interese pola filosofía e que se encarna no arquetipo ideal do filósofo: esa persoa que asociamos coa palabra *filósofo* e que nos ven á cabeza cando imaxinamos ao personaxe de Sócrates, un individuo interesado na busca do saber e que practica a filosofía a través do exercicio de facer preguntas. Esta idea da filosofía asociada á práctica de formular preguntas é a que Kant denomina **significación mundana da filosofía**: mundana, porque é a que todo o mundo relaciona coa palabra *filosofía*, pois, temos asociada a noción de filosofía e de filósofo co preguntar acerca das cuestións últimas e transcendentales da existencia humana, pero mundana tamén porque esta maneira de concibir a filosofía está ao alcance de todo o mundo. Efectivamente, como declara o propio filósofo alemán, aprender filosofía non consiste en coñecer as teorías filosóficas, senón máis ben en exercer o talento natural do ser humano, isto é, exercer a nosa capacidade de razoamento. Capacidade da que, por natureza, está dotado todo ser humano. Outra cousa é que non fagamos uso dela por preguiza ou por covardía, permanecendo en estado de minoría de razón, como di Kant no seu texto Que é a ilustración?

Así, pois, se tomamos a filosofía na súa significación mundana esta consistiría nunha serie de preguntas: que podo saber?, que debo facer?, que me cabe esperar?

A primeira interrogación versa acerca do coñecemento humano. A disciplina que se ocupa da análise do coñecemento humano é, segundo Kant, a teoría do coñecemento. Correspóndelle a este saber filosófico establecer as bases e os límites a partir das cales e dentro das cales é posible para os seres humanos obter un coñecemento acerca da realidade. Dentro desta cuestión cobra relevancia a pregunta respecto das posibilidades da metafísica, un presunto saber, típico dos filósofos racionalistas, acerca de asuntos que van máis alá da experiencia (alma, inmortalidade, deus, etc.).

A segunda pregunta incúmbelle á ética, pois aborda as condicións que son necesarias para que un comportamento humano reciba a cualificación de conducta moral. Isto é, como debemos obrar para que o noso actuar poda ser cualificado como moral?

A terceira cuestión atinxe ás esperanzas que, racionalmente, podemos depositar no futuro, tanto a nivel individual como colectivo. Especialmente importante é a pregunta acerca do futuro que lle agarda á humanidade. O optimismo do que fan gala a meirande parte dos ilustrados lévalle a Kant a proxectar un futuro humano que sobre a base da confianza na razón permita o triunfo da liberdade e o progreso da humanidade.

Finalmente, Kant considera que estas tres cuestións se poden resumir nunha cuarta: que é o home? De tal modo, que a filosofía acabaría por converterse en antropoloxía, o saber acerca do home.